



ATENEIO FERROLAN

Bon Nadal

1976

FL
342
ATE/dec.

DECLARACION UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANS

Declaración Universal de Dereitos Humanos como ideal común polo que tódolos pobos e nacións débense esforzar pra que tanto os individuos coma as institucións, inspirándose nela decote promovan, mediante o ensino i a educación, o respecto a estos dereitos e libertades, e aseguren, por medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o su reconecemento e aplicación universales i efeitivos tanto antre os pobos dos Estados Membros como antre os dos territorios postos baixo da súa xurisdición.

Artículo 1. Tódolos seres humanos polo feito de naceren son libres e iguales en diñidade e dereitos e, tendo como teñen razón e conciencia, débense comportaren fraternalmente os uns cos outros.

Artículo 2. 1. Toda persoa tén tódolos dereitos e libertades proclamados nesta Declaración, sin distinción algunha de raza, color, sexo, lingua, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixen nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

2. Ademáis, non se fará distinción algunha fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuia xurisdición dependa unha persoa, tanto si se trata dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación da soberanía.

Artículo 3. Todo individuo tén dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Artículo 4. Ninguén estará sometido a esclavitude nin servidume; a esclavitude e a trata de escravos están prohibidas en tódalas suas formas.

Artículo 5. Ninguén será sometido a torturas nin a penas de tratos cruceis, inhumanos ou degradantes.

Artículo 6. Todo ser humano tén dereito en tódolos sitios ó reconecemento da súa persoalidade xurídica.

Artículo 7. Todos son iguales diante a lei e teñen, sin distinción, dereito a igual protección da lei. Todos teñen dereito a igual protección contra toda discriminación que infrinxa esta Declaración e contra toda provocación a tal discriminación.

Artículo 8. Toda persoa téñ dereito a un recurso efectivo mediante dos tribunás nacionais competentes, que a protexan contra actos que violen os seus dereitos fundamentás reconocidos pola constitución ou pola lei.

Artículo 9. Ninguén poderá ser arbitrariamente detido, preso nin desterrado.

Artículo 10. Toda persoa téñ dereito, en condicións de absoluta igoaldade, a ser oída públicamente e con xusticia por un tribunal independente e imparcial, prá determinación dos seus dereitos e obrigacións ou pró esamen de calquera acusación en contra dela en materia penal.

Artículo 11. 1. Toda persoa acusada de delito téñ dereito a que se presupoña a sa inocencia namentras non se probe a sua culpabilidade, conforme á lei i en xuicio público no que se lle teñan aseguradas tódalas garantías necesarias prá súa defensa.

2. Ninguén será condenado por actos ou omisións que no momento de se cometer non foran delictivos según o Dereito nacional ou internacional. Tampouco se impondrá pena máis grave que a aplicable no momento da comisión do delito.

Artículo 12. Ninguén será obxeto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada, na súa familia, no seu domicilio ou na sua correspondencia, nin de ataques á súa honra ou á sua reputación. Toda persoa téñ dereito á protección da lei contra de tales inxerencias ou ataques.

Artículo 13. 1. Toda persoa téñ dereito a viaxar libremente e a elixir a sua residencia no territorio dun Estado.

2. Toda persoa téñ dereito a saír de calquer país, incluso do propio, e a volver ó seu país.

Artículo 14. 1. No caso de persecución, toda persoa téñ dereito a buscar asilo, e a disfróitar dél en calquer país.

2. Este dereito non poderá ser invocado contra dunha aición xudicial realmente orixinada por delitos non políticos ou por actos opostos ós propósitos e principios das Nacións Unidas.

Artículo 15. 1. Toda persoa ten dereito a unha nacionalidade.

2. A ninguén se lle quitará arbitrariamente a sua nacionalidade nin o dereito a cambiar dela.

Artículo 16. 1. Os homes e as mulleres, dende a idade núbil, teñen dereito, sin restricción algunha por motivos de raza, nacionalidade ou relixión, a se casar e fundar unha familia; e disfrutarán dos mesmos dereitos en canto ó matrimonio, durante o matrimonio e no caso de disolución do matrimonio.

2. Soio mediante libre e pleno consentimento dos futuros esposos poderáse contraer o matrimonio.

3. A familia é o fato natural e fundamental da sociedade e tén dereito á protección da sociedade e do Estado.

Artículo 17. 1. Toda persoa tanto éla sola coma en asociación con outras, tén dereito a ter bens propios.

2. Ninguén será privado arbitrariamente da súa propiedade.

Artículo 18. Toda persoa tén dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito abrangue a liberdade de cambear de relixión ou de crécncia, así como a libertá de manifestar a súa relixión ou a súa crécncia, individual ou comunitariamente, tanto en público como en privado, polo ensino, a práctica, o culto i a observancia dos ritos.

Artículo 19. Todo individuo tén dereito a liberdade de opinión e de espresión; este dereito inclúe o de non ser molestado a causa das súas opinións, o de percurar e recibir informacións e opinións, i o de espallalos sin limitación de fronteiras, por calquer medio de espresión.

Artículo 20. 1. Toda persoa tén dereito á libertá de xuntanza e de asociación pacíficas.

2. Ninguén poderá ser obrigado a formar parte dunha asociación.

Artículo 21. 1. Toda persoa tén dereito a participar no goberno do seu país, dereitamente ou por medio de representantes libremente escollidos.

2. Toda persoa tén dereito de chegar, en condicións de igualdade, ás funcións públicas do seu país.

3. A vontade do pobo é a base da autoridade do poder público; esta vontade espresarase por medio de eleccións auténticas que terán de se celebrar periódicamente, por sufraxio universal e igual e por voto segredo ou outro procedemento semellante que garantice a liberdade do voto.

Artículo 22. Toda persoa como membro da sociedade, téñ dereito á seguridade social, e a obter, por medio do esforzo nacional e da cooperación internacional, habida conta da organización e os recursos de cada Estado, a satisfacción dos dereitos económicos, sociáis e culturás, indispensables á súa diñidade e ó libre desenrolo da súa personalidade

Artículo 23. 1. Toda persoa téñ dereito ó traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias do mesmo e á protección contra do paro.

2. Toda persoa téñ dereito, sin discriminación algunha, a igual xornal por traballo igual.

3. Toda persoa que traballa téñ dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria, que lle asegure, así como á súa familia, eisistencia conforme á diñidade human e que será completada, en caso necesario, por calesqueira outros medios de protección social.

4. Toda persoa téñ dereito xunguíndose con outras, a fundar sindicatos e a se syndicar prá defensa dos seus intereses.

Artículo 24. Toda persoa téñ dereito ó descanso, a disfrutarse do tempo libre, a unha limitación razoable do tempo de traballo e a vacacións periódicas pagadas.

Artículo 25. 1. Toda persoa téñ dereito a un nivel de vida axcitado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar, i en especial a mantenza, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servicios sociáis necesarios; ten asimesmo dereito ós seguros no caso de paro, enfermidade, invalidez, viudedade, vellicie ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade.

2. A maternidade e a nenez teñen dereito a coidados e asistencias especiais. Todo los nenos, nados de matrimonio ou fóra dél, teñen dereito a igual protección social.

Artículo 26. 1. Toda persoa téñ dereito á educación. A educación debe ser de balde, ó menos no que se refire á instrucción elemental e fundamental. O ensino elemental será obligatorio. A instrucción técnica e profesional terá de ser xeneralizada; o acceso ós estudos superiores será igual pra todos, en función dos méritos respetivos.

2. A educación terá por obxeto o pleno desenrolo da personalidade human e o fortalecemento do respecto ós dereitos humanos

e ás liberdades fundamentais; favorecerá a comprensión, a tolerancia e a amizade entre tódolas nacións e tódolos fatos étnicos ou relixiosos; e promoverá o desenrolo das actividades das Nacións Unidas pra manter a paz.

3. Os pais terán dereito preferente a escoller o xeito de educación que se lles haberá de dar ós seus fillos.

Artículo 27. 1. Toda persoa tén dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso centífico e nos beneficios que dél resulten.

2. Toda persoa tén dereito á protección dos intereses morás e materiás que lle correspondan por razón das produccions centíficas, literarias ou artísticas das que sexa autora.

Artículo 28. Toda persoa tén dereito a que se estableza un orden social e internacional no que se fagan plenamente efectivos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración.

Artículo 29. 1. Toda persoa tén deberes verbo da comunidade posto que soio nela pode desenrolar libre e plenamente a súa personalidade.

2. No exercicio dos seus dereitos e no disfruite das suas liberdades, toda persoa estará sujeta somente ás limitacións establecidas pola lei co único fin de lles asegurar o reconecimento e o respecto dos dereitos e liberdades cós demáis, e de satisfacer as esixencias xustas da moral, do orden público e do benestar xeneral propios dunha sociedade democrática.

3. Estos dereitos e liberdades non poderán en ningún caso, ser exercidos en oposición ós propósitos e principios das Nacións Unidas.

Artículo 30. Ningunha cousa da presente Declaración se poderá interpretar no xeito de que confira dereito algún ó Estado, a un fato ou a unha persoa, pra emprender e desenrolar actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calesquera dos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración.

